

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o curso escolar 2015/16.

É un feito indubidable que a incorporación das mulleres ao mercado de traballo sitúa a cuestión da conciliación da vida familiar e laboral nun primeiro plano e que ademais supuxo unha transformación non só laboral senón tamén social que provocou, así mesmo, modificacións nos valores culturais dominantes respecto ao papel das familias, da maternidade e da repartición de roles entre mulleres e homes.

A necesidade de compaxinar a vida familiar e laboral leva consigo, ademais dos cambios necesarios no ámbito lexislativo, a obriga de promover servizos e recursos complementarios que dean resposta ás demandas da poboación, como son os servizos de atención a menores, dado que permiten adecuar os horarios escolares dos e das menores cos horarios laborais das súas familias, e os poderes públicos deben ter un papel importante na potenciación de programas e accións facilitadores da conciliación. O desequilibrio na repartición dos tempos dedicados ás tarefas de reprodución e coidado, desfavorable para as mulleres, é un aspecto prioritario que debe ser abordado á hora de reducir a discriminación por razóns de xénero na vida privada, na profesional e na laboral.

Esta medida está recollida no VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes que recolle, no seu eixe 4, actuacións dirixidas a estimular formas de organización dos tempos de traballo para facilitar a conciliación de homes e mulleres, así como tamén medidas dirixidas a adecuar e potenciar o desenvolvemento de servizos e recursos favorecedores da conciliación.

Neste contexto, esta actuación vai dirixida a mellorar a situación das mulleres ante o mercado laboral, e romper co estereotipo de xénero no reparto das responsabilidades familiares, así como a súa participación e o seu progreso permanente na sociedade e para



impulsar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, co fin de reducir a segregación sexista en materia de emprego e conciliar a vida laboral e privada, por exemplo, facilitando o acceso aos servizos de coidado e atención de nenos e nenas.

De conformidade co Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, correspóndelle á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, entre outras, as funcións de planificar, deseñar, coordinar e avaliar a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de promoción da corresponsabilidade entre mulleres e homes no eido persoal, familiar e laboral, así como tamén propor medidas, programas e normas dirixidas á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural e a eliminar as discriminacións existentes por razón de xénero.

Polo anteriormente exposto, a Secretaría Xeral da Igualdade pretende con esta convocatoria impulsar a conciliación do traballo e da vida familiar de mulleres e homes adoptando medidas que a favorezan, polo que se considera oportuno darlle continuidade á convocatoria de axudas destinadas á realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, de programas de actividades complementarias e extraescolares nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.

Neste senso, as medidas de conciliación e a corresponsabilidade poden contribuír de maneira decisiva á remover os obstáculos que atopan as mulleres para incorporarse á vida activa, acceder ao emprego e manter a ocupación co obxectivo de acadar unha sociedade e un mercado laboral sen segmentacións por razón de xénero.

Deste modo esta convocatoria enmárcase no Programa operativo FSE Galicia 2014-2020, no obxectivo temático 8; prioridade de investimento 8.4, obxectivo específico 8.4.2. Neste senso, dáse debido cumprimento á normativa aplicable, de conformidade co disposto no artigo 125.3.e) do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello.

Segundo o establecido no artigo 14 do Regulamento (UE) núm.1304/2013, as subvencións e a asistencia reembolsable que se beneficien dunha axuda pública non superior a



50.000 € adoptarán a forma de baremos estándar de custos unitarios, de importes a tanto global ou de financiamento a tipo fixo. Por este motivo, incorpórase o establecemento de métodos de custo simplificado, a través do método de baremo estándar de custo unitario por hora alumna/o.

A convocatoria destas axudas axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño), no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG núm. 214, do 5 de novembro), e no que resulte de aplicación, na Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro) e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2007, do 21 de xullo (BOE núm. 176, do 25 de xullo).

Esta convocatoria tramítase como expediente anticipado de gasto ao abeiro do disposto no artigo 1.1º da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto (DOG núm. 34, do 19 de febreiro), modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG núm. 209, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG núm. 201, do 29 de outubro), ao existir crédito axeitado e suficiente para este fin no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 19 de outubro de 2015.

Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta resolución enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Por todo o exposto, unha vez obtidos os informes preceptivos na tramitación, no uso das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e a convocatoria das axudas ás asociacións de nais e pais de alumnas e alumnos (ANPAS) legalmente consti-



tuídas, dos centros educativos sustentados con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización de programas de actividades extraescolares e complementarias dirixidas ao alumnado de educación infantil, primaria e de centros de educación especial, que teñan como fin contribuír á conciliación da vida persoal, familiar e laboral durante o curso escolar 2015/16.

2. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta resolución tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co sinalado no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A súa xestión realizarase de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2. *Financiamento*

1. As subvencións obxecto desta convocatoria destinase un crédito por un importe total de douscentos cincuenta mil euros (250.000 €), con cargo a aplicación orzamentaria 05.11.312G.481.0, código de proxecto 2016 00018.

2. Estarán cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 %, a través do programa operativo do FSE Galicia 2014-2020, no obxectivo temático 8 «promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral»; prioridade de investimento 8.4 «a igualdade entre homes e mulleres en todas as áreas, incluído o acceso ao emprego e á carreira profesional e a conciliación da vida laboral e a privada así como a promoción do salario igualitario pola realización do mesmo traballo»; obxectivo específico 8.4.2 «(Re) integrar no mercado laboral as persoas con dependentes ao seu cargo, a través de medidas de conciliación da vida persoal e laboral, fomentar a igualdade de xénero no ámbito formativo, educativo e laboral».

3. De conformidade co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, o outorgamento destas subvencións queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da súa concesión nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.



4. O importe máximo inicial do crédito destinado ás axudas obxecto desta convocatoria poderá ser ampliado en función das solicitudes e das dispoñibilidades orzamentarias, nos supostos e nas condicións previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento do importe queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que isto implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

5. O crédito asignado será obxecto de desconcentración nas xefaturas territoriais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de maneira proporcional ás solicitudes presentadas coa documentación completa en cada provincia.

Artigo 3. *Compatibilidade con outras axudas e ingresos xerados*

1. As subvencións obxecto desta convocatoria son incompatibles con calquera outra axuda pública para a mesma actuación e gasto subvencionable.

2. Se a actuación subvencionada xera ingresos como consecuencia de achegas das participantes, taxas de inscrición, matrículas, ou equivalentes, o seu importe será deducido do gasto subvencionable, calculado segundo o custo unitario por hora de asistencia/alumno-a establecido no artigo 5.5 desta resolución, no momento da concesión da axuda, en atención aos declarados na solicitude de subvención. Para o caso de que os ingresos obtidos non se fixeran constar na solicitude ou fosen superiores aos declarados nela, a dedución farase ou reaxustarase no momento do pagamento final.

Artigo 4. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta convocatoria as asociacións de nais e pais de alumnos/as (ANPAS) dos centros educativos sostidos con fondos públicos que, cumpran os requisitos, condicións e obrigas previstas nesta convocatoria e na normativa xeral de subvencións, en particular, as seguintes:

a) Estar legalmente constituídas e inscritas no censo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

b) Non atoparse en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acredita-



ción de non estar incurso en ningunha delas realizarase mediante declaración responsable da entidade interesada.

2. Todos os requisitos e condicións esixidas deberán cumprirse na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 5. *Programas de actividades extraescolares subvencionables*

1. Poderán ser obxecto de subvención ao abeiro desta convocatoria a realización de programas de actividades extraescolares dirixidos ao alumnado de educación infantil, primaria e de centros de educación especial, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado, reforzando os valores igualitarios, libres de prexuízos e de estereotipos sexistas así como á concienciación contra a violencia de xénero. Co dito fin primarase na valoración das solicitudes a programación de actividades ou accións de sensibilización dirixidas a promover a igualdade, fomentar a corresponsabilidade e o respecto mutuo, e a prevención da violencia de xénero.

b) As actividades realizaranse nas dependencias do centro educativo e fóra do horario lectivo, de luns a venres durante o curso escolar 2015/2016 e durante unha hora diaria como mínimo. En caso de non acadar esta periodicidade, será necesario acreditar a realización doutras actividades que cubran as necesidades de conciliación nos días correspondentes.

c) A programación das actividades será en horario continuado desde a hora de inicio á hora de remate co fin de evitar baleiros intermedios que dificulten a conciliación.

d) As actividades que formen parte do programa centraranse en aspectos lúdicos, artísticos, culturais, tecnolóxicos e/ou deportivos.

e) Cada actividade dirixirase obrigatoriamente a un mínimo de 10 alumnas/os, agás naqueles casos debidamente xustificadas, nos cales, polas características do contexto ou do centro docente, sexa imposible acadar o mínimo establecido, en particular, cando se trate de centros escolares situados en concellos rurais cualificados como zonas pouco poboadas de baixa densidade (ZPP) ou cando se trate de centros de educación especial.

Para estes efectos e para os demais previstos nesta resolución, só se terán en conta ás alumnas e alumnos participantes pertencentes a unidades familiares con ingresos non superiores a 6,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para o



2015, límite que se incrementa nun 15% máis cando se trate de familias monoparentais ou de familias numerosas.

2. Os programas achegados deberán considerar expresamente de que xeito se van atender as necesidades das nenas e nenos con discapacidade.

3. Queda expresamente excluído desta convocatoria a prestación do servizo de comedor, así como calquera outro gasto en concepto de alimentos.

4. Cada asociación de nais e pais só poderá presentar unha única solicitude ao abeiro desta convocatoria.

5. Serán gastos subvencionables os derivados da execución do programa de actividades extraescolares obxecto de subvención, referidos a custos directos de persoal e outros custos directos e custos indirectos relacionados no artigo 6 desta resolución.

Para a determinación do importe do gasto subvencionable aplícase o sistema de custo simplificado segundo baremo estándar consonte ao disposto no artigo 67.1.b) e 5.a) do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013. O método utilizado é o de custo unitario por hora de asistencia ás actividades extraescolares das nenas e nenos procedentes de unidades familiares que non superen o límite de ingresos establecido na letra e) do apartado 1 deste artigo.

O custo unitario por hora de asistencia por alumna/o será de 1,10 €, co límite de 144 días por actividade.

6. A contía máxima da axuda que se pode conceder ao abeiro desta convocatoria é de 6.000 €.

O importe da axuda calcularase aplicando ao gasto subvencionable segundo o custo unitario por hora de asistencia por alumna ou alumno, a porcentaxe que resulte da puntuación obtida segundo o establecido no artigo 11 desta resolución, co límite da contía máxima da axuda ou, de ser inferior, da contía solicitada.

De ser o caso, a subvención será minorada proporcionalmente cando non se xustifique a totalidade das horas de asistencia ás actividades extraescolares ou número de nenas e nenos que se fixeron constar na solicitude.

En todo caso, non xerarán dereito ao cobramento e procederá a revogación da axuda cando non se acade o número mínimo esixido, segundo o establecido na letra e) do apartado 1 deste artigo.



Artigo 6. *Gastos subvencionables*

Serán gastos subvencionables os derivados da realización do programa de actividades extraescolares obxecto de subvención, correspondentes as seguintes categorías e conceptos:

1. Gastos directos: terán esta consideración os que estean directamente relacionados coa actuación subvencionada e que polo tanto se refiran de forma inequívoca e constatable a ela.

a) Gastos directos de persoal: serán subvencionables ás retribucións correspondentes aos monitores que desenvolven ás actividades extraescolares, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e a cotización á seguridade social a cargo do empregador.

b) Outros gastos directos: serán subvencionables a elaboración ou adquisición de material didáctico ou doutros materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade; e os gastos de seguros destinados a cubrir continxencias de risco derivadas directamente da actividade subvencionada, en particular, seguro de accidentes e póliza de responsabilidade civil, se é o caso.

2. Gastos indirectos: gastos correntes que non se corresponden en exclusiva á operación subvencionada por ter carácter estrutural e que resulten necesarios para o seu desenvolvemento: gastos en bens consumibles e en material funxible.

3. En todo caso, os programas de actividades extraescolares que se desenvolvan ao abeiro desta convocatoria deberán cumprir as normas establecidas no Regulamento UE 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo (FSE), ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello, no Regulamento UE 1304/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1081/2006, do Consello e nas normas de subvencionabilidade ditadas pola autoridade de xestión para o período 2014-2020.



4. Para os efectos destas axudas non se considera subvencionable ningún tipo de taxa, tributo ou imposto, agás o imposto sobre o valor engadido non susceptible de repercusión ou compensación.

Así mesmo, non terán a consideración de subvencionables aqueles outros gastos que non respondan as categorías e conceptos expresamente recollidos no apartado 3 deste artigo.

5. Para os efectos desta resolución, non está permitida a subcontratación dos gastos subvencionables. Non obstante o anterior, non se considerarán como gastos subcontratados aqueles nos que teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actuación subvencionada, tales como a contratación de profesionais, alugamento de instalacións para a realización das actuacións e/ou gastos de subministracións relacionados con elas, sempre que non sexan provistos pola mesma persoa física ou xurídica.

Así mesmo, entenderase que non hai subcontratación total na súa execución sempre que a entidade beneficiaria reserve para si a organización, a xestión e o seguimento das actividades para os cales se solicita a subvención, circunstancia que deberá acreditarse cando o servizo se contrate cunha única empresa.

Non obstante o anterior, cando de acordo co disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe de cada un dos gastos subvencionables supere os 9.000 €, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes empresas proveedoras, con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número delas que as realicen ou subministren, ou que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

Artigo 7. *Solicitudes, prazo e documentación*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.



2. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>, de conformidade co establecido nos artigos 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no no artigo 38.4 da lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

As copias dos documentos tamén gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente do formulario principal, a entidade interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. No caso de que algún dos documentos que vai presentar por parte da entidade solicitante de forma electrónica, supere os tamaños límites establecidos pola sede electrónica, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co



documento que se presenta, a entidade interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicárase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As solicitudes de axuda dirixíranse, xunto coa documentación necesaria, á Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza competente en función da provincia na cal a asociación teña establecida a súa sede social.

4. Documentación que se ten que presentar para solicitar as axudas previstas nesta convocatoria:

a) Anexo I: solicitude debidamente cuberta e asinada pola persoa que teña representación para actuar en nome da ANPA.

b) Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade debidamente dilixenciados, salvo que xa estea en poder da Secretaría Xeral da Igualdade, circunstancia que haberá que facer constar expresamente identificando o procedemento no que consta.

c) Documentación acreditativa da representación que ostenta a persoa que asina a solicitude para actuar en nome da ANPA.

d) Fotocopia compulsada do NIF da ANPA, só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta, e do DNI da persoa que actúa na súa representación, no suposto de que non se autorice a súa verificación no Sistema de verificación de datos do Ministerio de Facenda e Administracións públicas, de conformidade co establecido no artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro.

e) Certificado da dirección do centro educativo que acredite a súa conformidade para o desenvolvemento das actividades nas instalacións do centro.



f) Anexo II: declaración do gasto elixible segundo custo unitario polo número de horas estimadas de asistencia ás actividades extraescolares polas nenas e nenos procedentes de unidades familiares que non superen o límite de ingresos establecido na letra e) do artigo 5.1.

g) Anexo III: memoria descritiva do programa de actividades extraescolares para o que se solicita a axuda, debidamente asinada pola persoa que ostenta a representación da entidade solicitante. Na memoria debera constar, entre outros, a identificación do programa e da persoa ou persoas da ANPA responsables da súa coordinación e seguimento; centro escolar onde se van a realizar; data de inicio e fin da programación; xustificación e descrición do programa, recollendo expresamente como se integra o fomento da igualdade entre os xéneros masculino e feminino e como se atenden as necesidades de nenas e nenos con discapacidade; relación das actividades que se van a desenvolver con indicación do lugar, datas e horario de realización; nº estimado de nenos e nenas participantes en cada unha delas, segundo o límite de ingresos indicado no artigo 5.1; contidos e metodoloxía; perfil e relación das persoas monitoras que van a participar directamente na execución da actividade; medios materiais; sistema de avaliación; se é o caso, a descrición de actividades ou accións de sensibilización dirixidas a promover a igualdade, fomentar a corresponsabilidade e o respecto mútuo, e a prevención da violencia de xénero; medios materias; obxectivos e resultados esperados, en particular, os directamente vinculados á mellora das expectativas persoais e laborais pola participación dos seus fillos e fillas nas actividades extraescolares co fin de conciliar a vida laboral e privada.

Na memoria tamén se teñen que recoller as actividades extraescolares levadas a cabo pola ANPA para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral nos últimos tres cursos.

h) Calendario semanal de realización das actividades (anexo IV).

l) Calquera outra documentación que a entidade solicitante entenda que é pertinente para unha mellor valoración da solicitude ou para maior detalle na descrición do programa mediante a presentación dunha memoria complementaria a efectos de ampliar a información requirida no anexo IV e cuxa extensión non poderá exceder de 6 folios.

Artigo 8. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, o modelo de solicitude inclúe autorización expresa ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos



datos. No caso de que non sexa autorizado o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos esixidos nesta resolución.

2. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento; neste caso, deberá presentar entón a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente.

4. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Secretaría Xeral da Igualdade publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.



Artigo 9. *Emenda da solicitude*

1. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación esixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente, requirirá a entidade solicitante para que, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, lo que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 42 da dita lei.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido nos artigos 59, 60 e 61 da Lei 30/1992, os citados requirimentos de emenda poderanse facer ben a través de notificación individualizada, ben mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* ou na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade, a cal producirá os mesmos efectos que a devandita notificación.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderáselle requirir á entidade solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.

Artigo 10. *Instrución dos procedementos e comisión de valoración*

1. A Instrución dos procedementos corresponde ás unidades de igualdade das delegacións territoriais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, os expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos, serán remitidos á comisión de valoración.

2. De conformidade co establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia crearase en cada delegación unha comisión de valoración para estes efectos, a cal estará presidida pola/o xefa/e territorial da respectiva delegación e da que formarán parte ademais dúas/dous traballadoras/es designados polo/a respectivo/a xefe/a territorial. Actuará como secretaria/o unha/un traballador/a da xefatura territorial. Se por calquera causa algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir ás reunións, será substituída pola/o funcionaria/o que designe o órgano competente para o outorgamento da axuda.



3. A comisión de valoración poderá requirir ás entidades solicitantes das subvencións información ou documentación adicional aclaratoria que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.

Avaliadas as solicitudes seguindo os criterios establecidos no artigo 11, a comisión de valoración emitirá un informe segundo o cal o órgano instrutor elevará unha proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión ou denegación da subvención solicitada, propoñendo a concesión de subvención segundo a orde de puntuación e polo importe da axuda que corresponda ata esgotar o crédito dispoñible.

No suposto de que algunha entidade non acepte a axuda ou renuncie a esta, ou de producirse un incremento do crédito inicialmente dispoñible de acordo co establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, o órgano instrutor poderá formular proposta de resolución complementaria e adxudicar o importe dispoñible ás solicitudes avaliadas pola comisión e que reunindo tódolos requisitos e condicións non acadaron axuda por límites orzamentarios, de acordo coa orde de puntuación obtida.

Así mesmo, no caso de quedar crédito libre despois de adxudicar a contía que corresponda a cada unha das entidades que resulten beneficiarias da subvención, e sempre que non exista lista de agarda, este repartirase entre elas a partes iguais de xeito que se mantenga a proporcionalidade derivada da aplicación dos criterios de baremación, co límite da contía máxima da axuda ou, de ser inferior, da contía solicitada.

Artigo 11. *Criterios de avaliación*

1. A comisión valorará as solicitudes consonte aos seguintes criterios:

a) Polo interese e calidade do programa de actividades extraescolares en relación coa complementariedade e coherencia coas necesidades de conciliación que se pretenden cubrir, así como polo contido e características das actividades programadas na súa relación coa contribución ao desenvolvemento integral da personalidade en valores igualitarios das nenas e nenos: ata 25 puntos segundo a seguinte desagregación:

a.1) Programación de actividades ou de accións de sensibilización dirixidas a promover a igualdade e a corresponsabilidade: 10 puntos.



a.2) Programación de actividades ou de accións de sensibilización dirixidas a promover o respecto mutuo e a prevención da violencia de xénero: 10 puntos.

a.3) Carácter innovador da atención as necesidades das nenas e nenos con discapacidade, en relación cos demais programas valoradas pola comisión: 5 puntos.

b) Temporalización do programa das actividades extraescolares durante o curso escolar: ata 10 puntos, segundo o seguinte:

b.1) Máis de 144 e ata o total dos días lectivos do curso escolar: 10 puntos.

b.2) Máis de 130 e ata 144 días lectivos: 8 puntos.

c) Amplitude horaria do programa das actividades en cómputo diario: ata 10 puntos.

c.1) Unha hora e media diaria: 5 puntos.

c.2) Dúas horas diarias: 8 puntos.

c.3) Máis de dúas horas diarias: 10 puntos.

d) Polo número de alumnas/os procedentes de familias con ingresos que non excedan do límite establecido no apartado e) do artigo 5.1, que superen o número mínimo esixido, ata 24 puntos, segundo o seguinte: 0,50 puntos por alumna ou alumno máis do mínimo esixido.

e) Número de persoas asociadas, ata 10 puntos, que se distribuirán proporcionalmente segundo o número de familias asociadas con respecto ao total de familias do centro, correspondendo a maior puntuación á ANPA con maior porcentaxe de familias asociadas.

f) Grao de consolidación e experiencia previa da entidade en actuacións similares nos tres últimos cursos escolares: ata 3 puntos a razón de 1 punto por curso.

g) Actividades extraescolares que se desenvolvan en centros educativos situados en concellos onde a proporción de mulleres paradas con respecto aos homes parados nese concello sexa superior á proporción de mulleres paradas no conxunto da comunidade autónoma: 3 puntos. Estas porcentaxes calcularanse con bases nas medias do ano 2015, segundo os datos de paro rexistrado do Servizo Público de Emprego de Galicia.



h) Programa desenvolvido en centros escolares situados en concellos cualificados como zonas pouco poboadas (ZPP), segundo os estudos publicados polo IGE, ata 15 puntos, de acordo co seguinte:

h.1) ZPP, de baixa densidade: 15 puntos.

h.2) ZPP intermedia: 10 puntos:

h.3) ZPP, alta: 5 puntos.

2. Á solicitude que acade maior puntuación corresponderalle, dentro dos límites establecidos no artigo 5.6, unha axuda do 100 % do gasto subvencionable, ás seguintes a contía da axuda reducirase proporcionalmente segundo á puntuación obtida. No suposto de que máis dunha proposta obteña a mesma puntuación e non sexa posible por razóns orzamentarias adxudicar axuda a todas elas, o desempate establecerase en función da data de presentación das solicitudes.

Artigo 12. *Resolución e notificación*

1. Avaliadas as solicitudes segundo os criterios establecidos no artigo 11 desta resolución, o órgano instrutor, á vista do informe da comisión de valoración, elevará unha proposta de resolución á/ao xefa/e territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que resolverá a concesión ou denegación da axuda solicitada ao abeiro desta convocatoria por delegación da secretaria xeral da Igualdade.

A/o xefa/e territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, resolverá dentro das dispoñibilidades orzamentarias sen que, en ningún caso, o importe total das axudas poida superar o límite establecido no artigo 2 desta resolución.

2. O prazo para resolver e notificar será de catro meses. Transcorrido o dito prazo sen que tivese recaído resolución expresa, entenderase desestimada.

3. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6.b) da indicada lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no Diario Oficial de Galicia. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, a entidade beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como as solicitudes desestimadas con expresión sucinta dos motivos da desestimación.



Dado que a subvención está cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informarase á persoa ou entidade beneficiaria do cofinanciamento comunitario, con expresión do obxectivo temático, prioridade de investimento e obxectivo específico e a porcentaxe de cofinanciamento. Así mesmo, informaráselle de que a aceptación da subvención comunitaria implicará a súa aparición na lista pública de operacións cos nomes dos ou das beneficiarias, no suposto de seren entidades xurídicas, así como a outra información recollida no anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013, en relación co artigo 115.2 da mesma norma xurídica.

Así mesmo, na resolución de concesión estableceranse as condicións da axuda ás que quedan sometidos as entidades beneficiarias derivadas da aceptación da subvención, en especial os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse con ela, o plan financeiro e o calendario de execución.

4. Unha vez notificada a resolución de concesión da subvención, a entidade beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez días (10) a súa aceptación, comprometéndose a executar o programa ou actuación subvencionada no prazo e condicións establecidas na convocatoria. No caso de non comunicar dito extremo no prazo indicado entenderase tacitamente aceptada.

Artigo 13. *Réxime de recursos*

As resolucións expresas ou presuntas ditadas ao abeiro da presente resolución poñerán fin á vía administrativa e contra estas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 14. *Modificación da resolución de concesión das axudas*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, tal e como se establece no artigo 17.4 da



Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O órgano competente para a concesión destas axudas, nos supostos que proceda, poderá acordar a modificación da resolución por instancia da entidade beneficiaria e coa debida antelación. Estas bases habilitan para aprobar, nos supostos que proceda, as modificacións atendendo aos obxectivos e requisitos da convocatoria e demais normativa aplicable.

Artigo 15. *Prazo e xustificación da subvención*

1. As entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa da realización do programa de actividades extraescolares con data límite do 30 de xuño de 2016.

2. Os programas de actividades extraescolares xustificaranse a través da modalidade de custos simplificados previstas no artigo 67 do Regulamento (UE) 1303/2013 e no artigo 14.2 b) do Regulamento (UE) 1304/2013, segundo baremo estándar ou custo unitario de 1,10 €/hora de asistencia/alumna ou alumno, co límite de 144 días por actividade.

3. Dentro do prazo sinalado no apartado 1 deste artigo, deberá presentarse copia orixinal da seguinte documentación xustificativa:

a) Solicitude de pagamento debidamente asinada pola persoa que ostente a representación da entidade (no modelo do anexo V).

b) Declaración complementaria e actualizada na data da xustificación de todas as axudas solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma actuación e gasto subvencionable, das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais ou, se é o caso, declaración de que non se solicitaron outras axudas ou subvencións, e, no seu caso, dos ingresos percibidos por achegas das persoas participantes tidas en conta para a determinación do gasto subvencionable (no modelo anexo VI).

c) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no caso de que non se autorice a súa consulta (no modelo anexo VII).

d) Memoria xustificativa do programa de actividades extraescolares subvencionado, con descrición detallada das actividades desenvolvidas, dos resultados obtidos, número de



nenas e nenas participantes, e con indicación do número de persoas beneficiarias pola participación dos seus fillos e fillas nas actividades extraescolares co fin de conciliar a vida laboral e privada. A memoria deberá estar asinada pola persoa representante da entidade. Na elaboración de esta memoria xustificativa deberán seguirse os epígrafes e apartados do anexo III.

A memoria virá acompañada dun exemplar de todos os materiais elaborados carteis, folletos, material didáctico, fotografías, e outros documentos onde deberán figurar os logos da Unión Europea (FSE) e a imaxe corporativa da Secretaría Xeral da Igualdade, así como doutras evidencias dos gastos directos realizados, para os efectos de acreditar a realización da actividade e o cumprimento das obrigas de publicidade e información recollidas no artigo 17 desta resolución.

E, ficheiro electrónico das persoas beneficiarias, segundo os datos de indicadores de execución e resultados. Estes datos achegaranse no modelo que figura na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade e/ou nas ferramentas informáticas que se deseñen para esta finalidade.

e) Folla individualizada de asistencia do persoal monitor que desenvolve as actividades asinado por ela e pola persoa responsable da ANPA que realice o seguimento da actividade.

Debe utilizarse, obrigatoriamente o modelo que aparece publicado na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

f) Relación de nenas e nenos inscritos en cada unha das actividades, procedentes de familias con ingresos que non superen o límite establecido no artigo 5.1.e) desta resolución, asinadas pola nai, pai ou persoa que teña a tutela.

Así como, partes de asistencia dos alumnas e alumnos á correspondente actividade asinada polo monitor/a e conformada pola persoa responsable da ANPA que realice o seguimento da actividade.

Deben utilizarse, obrigatoriamente os modelos que aparecen publicados na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

g) Relación numerada das persoas beneficiarias da medida de conciliación asinada pola persoa que ostente a representación da ANPA.



E, follas individualizadas de seguimento das beneficiarias, na que ademais da identificación das fillas e fillos participantes nas actividades, debe facerse constar o tramo de ingresos da unidade familiar, e os datos do perfil e resultados obtidos, dun dos proxenitores, preferentemente a nai, ou ben a persoa que teña a tutela, e cos datos que figuran no modelo publicado na páxina web da Secretaría Xeral de Igualdade, co obxecto de acreditar e dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de execución e de resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (UE) núm. 1304/2013, obriga recollida no artigo 17 desta convocatoria.

Debe utilizarse, obrigatoriamente, a folla de seguimento publicada na páxina web indicada, e debe estar asinada pola beneficiaria e pola responsable da ANPA e numeradas co mesmo ordinal co que figura na relación de beneficiarias.

h) Para efectos do previsto no artigo 5.1.e) respecto dos ingresos da unidade familiar, deberán presentar a declaración do IRPF de 2014 das unidades familiares ou certificación dos ingresos percibidos nesa anualidade emitida pola AEAT. No caso de estar exentas, certificación acreditativa desta circunstancia emitida pola AEAT.

i) Calquera outra documentación que a entidade solicitante entenda que é pertinente para un mellor detalle na xustificación da realización do programa.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

Artigo 16. *Pagamento da subvención*

1. Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.



2. As xefaturas territoriais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de atoparen conforme a documentación xustificativa, proporán o pagamento do importe concedido ou do resultante da minoración determinada conforme o número 4 deste artigo.

3. Antes de proceder ao pagamento da liquidación final, o órgano xestor incorporará ao expediente a acreditación de que as entidades adxudicatarias están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración da Comunidade Autónoma.

4. Procederá a minoración do importe da subvención concedida ou, de ser o caso, a súa revogación, nos termos e nos casos previstos no artigo 19 desta resolución e nos demais supostos previstos na normativa de aplicación relacionada no artigo 21 desta convocatoria.

Artigo 17. *Obrigas das entidades beneficiarias*

As entidades beneficiarias deberán cumprir, en todo caso, cos requisitos e obrigas esixidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como coas condicións e obrigas establecidas nesta resolución e demais que resulten esixibles segundo a normativa de aplicación, en particular, as seguintes:

1. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos, executar e acreditar a realización do programa de actividades extraescolares que fundamenta a concesión da subvención dentro do período e prazos establecidos nesta convocatoria, así como o cumprimento dos requisitos, condicións e obrigas que resultan da normativa de aplicación.

2. Manter un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado que permita unha pista de auditoría suficiente, respecto dos ingresos da axuda percibida e conservar toda a documentación relativa á subvención, ás persoas participantes e durante un período de tres anos que se contará a partir do 31 de decembro seguinte á presentación destas contas perante á Comisión Europea. Esta data publicárase oportunamente no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Dar cumprimento á obriga de dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no anexo XII do Regulamento (UE) núm. 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello. Así, en todo tipo de publi-



dade e información relativos á actuación e actividades subvencionadas, terá que constar a condición de subvencionada pola Secretaría Xeral da Igualdade e polo Fondo Social Europeo 2014/2020.

En todo caso, nos espazos que utilice a ANPA e tódalas comunicacións coas beneficiarias contarán co emblema da Unión Europea coa referencia ao Fondo Social Europeo e nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 nun lugar destacado e visible. Tamén se informará na páxina web, no caso de dispoñer dela, sobre o proxecto e a axuda financeira recibida da Unión Europea e sobre os obxectivos e resultados da operación financiada.

4. Informar, se é o caso, ás persoas destinatarias de que as actuacións en que participan están financiadas pola Xunta de Galicia (Secretaría Xeral da Igualdade) e polo FSE, así como dos obxectivos dos fondos, figurando os emblemas como mínimo en todo o material e documentos que se utilicen ou entreguen ás usuarias.

5. Realizar as actuacións precisas para recoller a información suficiente relativa ao desenvolvemento das actuacións que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de execución e resultados previstos no artigo 5 do Regulamento (UE) núm. 1304/2013 do Parlamento europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao FSE. Neste senso, na súa cobertura deberá respectarse o principio de integridade dos datos. Os datos de execución relativos ás entidades e ás persoas beneficiarias referiranse ao momento inmediatamente anterior a súa participación no programa e cubriranse durante o desenvolvemento da actuación; e nas catro semanas seguintes á súa finalización deberán cubrirse os indicadores de resultado inmediato, que deberán facilitarse no período de xustificación da correspondente subvención consonte os modelos dispoñibles na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade. Así mesmo, a Administración poderá requirir a actualización destes datos no prazo de seis meses desde que finalice esta actividade, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento.

6. Cumprir coa normativa de protección de datos de carácter persoal, en concreto, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro. Os datos de carácter persoal das persoas usuarias ou participantes nas actuacións subvencionadas incorporaranse ao ficheiro de datos de carácter persoal da Secretaría Xeral da Igualdade a que se refire o artigo 26 desta resolución. En todo caso, deberá constar necesariamente a autorización expresa da persoa interesada para o tratamento e



incorporación dos seus datos de carácter persoal, sendo a entidade beneficiaria da axuda a responsable de recadar e custodiar a dita documentación.

7. Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

8. Facilitar toda a información requirida pola Secretaría Xeral da Igualdade, polos órganos verificadores que se establezan en aplicación dos artigos 72, 73 e 74 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013, do Parlamento europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, e outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

9. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Secretaría Xeral da Igualdade, así como a calquera outra actuación de control que poidan realizar os órganos competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En especial, por tratarse de axudas cofinanciadas con Fondo Social Europeo, a entidade beneficiaria quedará sometida ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión e seguimento do FSE, que incluírán as oportunas visitas sobre o terreo.

Artigo 18. *Responsabilidade*

A organización e materialización das accións obxecto de subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria., a actuación da Secretaría Xeral da Igualdade quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

Artigo 19. *Reintegro e sancións*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reinte-



gro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Procederá o reintegro total da axuda percibida, máis xuros de demora, sen prexuízo da incoación de expediente sancionador e demais responsabilidades en que poida incurrir a entidade beneficiaria, no caso de non comunicar a obtención doutras axudas que financien as actuacións subvencionadas.

3. Procederá o reintegro do 10 % da axuda percibida, no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas para a mesma finalidade.

4. De ser o caso, a subvención será minorada proporcionalmente cando non se xustifique a totalidade das horas de asistencia ás actividades extraescolares ou o número de nenas e nenos que se fixeron constar na solicitude.

En todo caso, non xerarán dereito ao cobramento e procederá a revogación da axuda cando non se acade o número mínimo esixido, segundo o establecido na letra e) do apartado 1 desta artigo 5 desta resolución.

5. Así mesmo, procederá a minoración dun 2 % sobre a contía total da axuda percibida no caso de incumprimento dalgunha das obrigas recollidas no artigo 17, apartados 2, 3 e 4.

6. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 20. *Control*

1. A Secretaría Xeral da Igualdade poderá levar a cabo as actividades de control que considere oportunas para controlar o cumprimento das axudas reguladas nesta convocatoria.

2. Todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e aquelas outras que determine a súa condición de subvencionada polo FSE 2014/2020.



Artigo 21. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nesta convocatoria observarase o disposto no Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo (FSE), ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello, no Regulamento (UE) núm. 1304/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1081/2006, do Consello; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; e nas normas de subvencionabilidade ditas pola autoridade de xestión para o período 2014-2020.

Artigo 22. *Información ás persoas interesadas*

Sobre o procedemento administrativo asociado a esta resolución, que ten o código SI449A, poderase obter documentación normalizada ou información adicional nas unidades de igualdade das xefaturas territoriais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos>, ou da Secretaría Xeral da Igualdade: <http://www.igualdade.xunta.es>, ou nos teléfonos das unidades de igualdade das delegacións territoriais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (A Coruña: 881 88 12 54; Lugo: 982 29 43 55; Ourense: 988 38 67 99; Vigo-Pontevedra: 986 81 76 58).

Artigo 23. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación é autorizado polas persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa



ciudadanía e entidades», cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral da Igualdade. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante Secretaría Xeral da Igualdade, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral da Igualdade, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a: igualdade@xunta.es

Disposición adicional única

Apróbase a delegación de atribucións nos/as xefes/as territoriais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nos ámbitos competenciales respectivos, para resolver a concesión, denegación, modificación das subvencións previstas nesta resolución, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta dos pagamentos, e as relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira primeira

A Secretaría Xeral de Igualdade ditará as instrucións que sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento desta resolución.

Disposición derradeira segunda

A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2015

Susana López Abella
Secretaria xeral da Igualdade





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS A ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES QUE TEÑAN COMO FIN FACILITAR A CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL E FAMILIAR	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO SI449A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL						NIF	
<input type="text"/>						<input type="text"/>	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE			
<input type="text"/>			

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

DATOS BANCARIOS							
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
<input type="text"/>				IBAN	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	GASTO SUBVENCIONABLE *
<input type="text"/>	<input type="text"/>

* Custo unitario por horas de asistencia ás actividades extraescolares das alumnas e alumnos pertencentes a familias que non superen o límite de ingresos establecidos no artigo 5.1.e

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: 6j60pyg9-vvn5-yx52-vgd2-bwexds0c6ua2



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I
(continuación)

A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas e/ou percibidas e ingresos obtidos e/ou previstos para as actuacións e gastos subvencionables previstos nesta convocatoria, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ademais das reguladas nesta resolución, son as seguintes:

Ningunha outra axuda ou subvención.

Outras axudas ou subvencións ou ingresos obtidos e/ou previstos:

CONCEPTO DA AXUDA	S/C/P (1)	IMPORTE (€)	% (2)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE e NORMATIVA REGULADORA (3)	INGRESOS/ ACHEGA PARTICIPANTES	FINANCIADA CON FONDOS FSE OU OUTROS FONDOS OU INSTRUMENTOS FINANCIEROS COMUNITARIOS
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

(1) Indíquese o que corresponda (S: solicitada / C: concedida / P: percibida).

(2) Porcentaxe de axuda sobre o custo total.

(3) Indicar data de publicación en diario/boletín oficial.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Que esta entidade:

3.1 Cumpre todos os requisitos para obter a condición de beneficiaria das axudas reguladas nesta resolución e, polo tanto, non está incurso en ningunha das circunstancias de prohibición ás que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.2 Non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3.3 Non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.4 Está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.5 Está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

3.6 Está de acordo coas actuacións de control, supervisión e verificación dos órganos da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e do Fondo Social Europeo (art. 17.8 e 20 da convocatoria).

3.7 Está legalmente constituída e inscrita no censo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

3.8 Que a entidade posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

3.9 Ten domicilio social ou delegación en Galicia.

3.10 Coñece que as axudas solicitadas ao abeiro desta convocatoria están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (2014-2020) nun 80 %.

3.11 Coñece as obrigas derivadas da convocatoria, en particular as establecidas no artigo 17 da convocatoria.

3.12 Nº de familias do centro educativo . Nº de familias asociadas á ANPA .

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN

<input type="checkbox"/> Anexo II: declaración do gasto elixible.				
<input type="checkbox"/> Anexo III: memoria.				
<input type="checkbox"/> Anexo IV: calendario semanal.				
<input type="checkbox"/> Copia dos estatutos da entidade debidamente dilixenciados, salvo que xa estea en poder da SXI.				
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da representación que ostenta a persoa que asina a solicitude para actuar en nome da ANPA.				
<input type="checkbox"/> Copia do NIF da ANPA, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.				
<input type="checkbox"/> Copia do DNI da persoa que actúa en representación da ANPA, no suposto de que non se autorice a súa verificación no sistema de verificación de datos do Ministerio de Facenda e Administracións públicas.				
<input type="checkbox"/> Certificación da dirección do centro educativo que acredite a súa conformidade para o desenvolvemento das actividades nas instalacións do centro.				
<input type="checkbox"/> Calquera outra documentación que a entidade solicitante entenda que é pertinente para unha mellor valoración da solicitude.				
Outra documentación (indicar)	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXpte.	ANO
	<input type="checkbox"/>			
	<input type="checkbox"/>			
	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Secretaría Xeral da Igualdade, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorrerón máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.





ANEXO I
(continuación)

Autorizo a Secretaría Xeral da Igualdade para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral da Igualdade, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a igualdade@xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 28 de decembro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o curso escolar 2015/16.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Secretaría Xeral da Igualdade

 SEDE ELECTRONICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>



CVE-DOG: 6j60pyg9-vvn5-yx52-vgd2-bwexds0c6ua2





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO III

MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROGRAMA

Presentarase un anexo III por cada actuación que se solicite (art.º 7.4).

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE						
RAZÓN SOCIAL						NIF
<input type="text"/>						<input type="text"/>
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN						
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
EN CALIDADE DE						
<input type="text"/>						
DENOMINACIÓN DO PROGRAMA						
<input type="text"/>						
PERSOA RESPONSABLE DA ANPA DA SÚA COORDINACIÓN E SEGUIMENTO						
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
CENTRO ESCOLAR ONDE SE VAI REALIZAR O PROGRAMA						
<input type="text"/>						
NOME DO CENTRO						CONCELLO
<input type="text"/>						<input type="text"/>
DATA DE INICIO DO PROGRAMA	DATA DE FIN DO PROGRAMA	Nº DE DÍAS LECTIVOS DO PROGRAMA				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
<p>1. XUSTIFICACIÓN E DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA (ademais deberá recoller expresamente como se integra o fomento da igualdade entre os xéneros masculino e feminino e como se atenden as necesidades de nenas e nenos con discapacidade).</p>						
<input type="text"/>						
2. RELACIÓN DAS ACTIVIDADES						
ACTIVIDADE	LUGAR DE REALIZACIÓN	DATA INICIO	DATA FIN	HORAS POR SEMANA	NIÑAS (*)	NIÑOS (*)
TOTAL						

(*) Número estimado de nenas e nenos participantes segundo o límite de ingresos indicado no artigo 5.1

CVE-DOG: 6j60pyg9-vvn5-yx52-vgd2-bwexds0c6ua2



7. DE SER O CASO, DESCRIPCIÓN DE ACTIVIDADES OU ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN DIRIXIDAS A PROMOVER A IGUALDADE, FOMENTAR A CORRESPONSABILIDADE

8. DE SER O CASO, DESCRIPCIÓN DE ACTIVIDADES OU ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN DIRIXIDAS A PROMOVER O RESPETO MUTUO, E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

9. OBXECTIVOS E RESULTADOS ESPERADOS, en particular, os directamente vinculados á mellora das expectativas persoais e laborais pola participación dos seus fillos e fillas nas actividades extraescolares co fin de conciliar a vida laboral e privada

	(*) Nº Participantes	SITUACIÓN LABORAL (No caso dos menores indícaranse os datos que corresponderían aos pais)			Persoas participantes que melloraron a súa situación persoal ou laboral a través de medidas de fomento da igualdade, logo da súa participación (**)
		Persoas activas		Persoas inactivas	
		Con emprego (incluídas persoas traballadoras por conta propia)	Sen emprego (en busca de emprego/paradas)		
HOMES					
MULLERES					
TOTAIS					

(*) Indicar o número de menores participantes.

(**) Indicar os datos do perfil e dos resultados dun dos proxenitores, preferentemente os da nai ou ben da persoa que teña a tutela.

10. PROGRAMA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES LEVADAS A CABO POLA ANPA PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL NOS ÚLTIMOS TRES CURSOS

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	CURSO DE REALIZACIÓN	Nº DE NENAS PARTICIPANTES *	Nº DE NENOS PARTICIPANTES *

* Documentación que se acompaña para os efectos de acreditar ditas actuacións

Nº de nenas/os participantes no programa de actividades para o cal se solicita a subvención (no caso de que unha/un nena/o participe en varias actividades computarase so unha vez)

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de 



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO IV

CALENDARIO SEMANAL DE REALIZACIÓN DE LAS ACTIVIDADES

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE
RAZÓN SOCIAL NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN
NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF EN CALIDADE DE

HORARIO	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES

(*) Debe incluír todas as actividades ofertadas pola ANPA, sexan subvencionables ou non.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE
Lugar e data , de de



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO V

SOLICITUDE DE PAGAMENTO

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARO

1. Que a axuda /subvención foi destinada ao fin para o que se concedeu e SOLICITA o PAGAMENTO DA LIQUIDACIÓN correspondente da axuda concedida para o PROGRAMA [] e de conformidade coa documentación que se achega para estes efectos segundo o esixido na normativa reguladora:

IMPORTE CONCESIÓN

GASTO SUBVENCIONABLE XUSTIFICADO (1)

CONTÍA DA LIQUIDACIÓN
(para cubrir pola Admón.)

(1) Gasto subvencionable segundo custo unitario polas horas efectivamente traballadas dedicadas ao programa polas/os profesionais adscritos ao mesmo.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA Á SOLICITUDE DE PAGAMENTO

- ANEXO VI Declaración complementaria e actualizada na data de xustificación de todas as axudas solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma actuación, así como dos ingresos percibidos por achegas das mulleres participantes (artigo 15.3.b).
- ANEXO VII Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma (artigo 15.3.c).
- Memoria xustificativa do programa de actividades extraescolares subvencionado, con descripción detallada das actividades desenvolvidas, dos resultados obtidos, número de nenas e nenos participantes, e con indicación do número de persoas beneficiarias pola participación dos seus fillos e fillas nas actividades extraescolares co fin de conciliar a vida laboral e privada. A memoria virá acompañada dun exemplar de todos os materiais elaborados, así como douts evidencias dos gastos directos realizados (artigo 15.3.d). Seguindo os apartados do modelo Anexo III.
- Folla individualizada de asistencia do persoal monitor que desenvolve as actividades asinada por ela e pola persoa responsable da ANPA que realice o seguimento da actividade (artigo 15.3.e).
- Relación de nenas e nenos inscritos en cada unha das actividades, procedentes de familias con ingresos que non superen o límite establecido no artigo 5.1.e desta resolución, asinadas pola nai, pai ou persoa que teña a tutela (artigo 15.3.f).
- Partes de asistencia dos alumnos e alumnas á correspondente actividade asinado polo monitor/a e conformado pola persoa da ANPA que realice o seguimento da actividade (artigo 15.3.f).
- Relación numerada das persoas beneficiarias da medida de conciliación asinada pola persoa que ostente a representación da ANPA (artigo 15.3.g).
- Follas individualizadas de seguimento das beneficiarias, coa identificación das fillas e fillos participantes nas actividades, tramo de ingresos da unidade familiar, datos do perfil e resultados obtidos, dun dos proxenitores, preferentemente a nai, ou ben a persoa que teña a tutela (artigo 15.3.g).
- Para efectos do previsto no artigo 5.1.e) respecto dos ingresos da unidade familiar, deberán presentar a declaración do IRPF do 2014 das unidades familiares ou certificación dos ingresos percibidos nesa anualidade emitida pola AEAT. No caso de estar exentas, certificación acreditativa desta circunstancia emitida pola AEAT (artigo 15.3.h).
- Outra documentación considerada pertinente para un mellor detalle na xustificación da realización do programa (artigo 15.3.i).

SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

[] , [] de [] de []



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE invade no teu futuro"

Secretaría Xeral de Igualdade



DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL
NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME
PRIMEIRO APELIDO
SEGUNDO APELIDO
NIF
EN CALIDADE DE

DECLARO

Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas e/ou percibidas e ingresos obtidos para as actuacións e gastos subvencionables previstos nesta convocatoria, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ademais das reguladas nesta resolución, son as seguintes:

- Ningunha outra axuda ou subvención.
 Outras axudas ou subvencións ou ingresos obtidos:

CONCEPTO DA AXUDA	S/C/P (1)	IMPORTE (€)	% (2)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE e NORMATIVA REGULADORA (3)	INGRESOS/ ACHEGA PARTICIPANTES	FINANCIADA CON FONDOS FSE OU OUTROS FONDOS OU INSTRUMENTOS FINANCIEROS COMUNITARIOS
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

- (1) Indíquese o que corresponda (S: solicitada / C: concedida / P: percibida).
(2) Porcentaxe de axuda sobre o custo total.
(3) Indicar data de publicación en diario/boletín oficial.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data
, de de 



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO VII

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ATOPARSE AO DÍA NO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS
TRIBUTARIAS E FRONTE Á SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA
OUTRA DÉBEDA COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARO

Que a entidade se atopa ao día no
cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa
Administración Pública da Comunidade Autónoma.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de 

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
17 FEB 2004 00 000 000000



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>